

MIKHAÍL BULGÁKOV

Corazón de can

Traducido por Rosana Murias e María Tolstaia



Hugin e Munin

CAPÍTULO I

Auuuuuu! Oh, ollade para min, fenezo. Na calella, a nevarisca adminístrame os últimos sacramentos e eu ouleo a son dela. Perdido, estou perdido. Un miserable co gorro sucio –o cociñeiro da cantina do Consello Central de Economía Nacional– botoume auga fervendo por riba e escaldoume o costado esquerdo.

Que malnacido, e iso que é proletario! Señor, meu Deus, como doe! A auga fervendo corroeume até os ósos. Agora ouleo e ouleo, coma se me fose servir de algo.

Que lle faría eu? Acaso arruinarei o Consello de Economía Nacional se me achego ao colector do lixo para comer? Besta cobizosa! Basta con miralo, un cara lavada! Un ladrón cos fociños graxentos. Ai, a xente, a xente! Ao mediodía, o do gorro veume servir auga fervendo e agora xa é noite. A xulgar polo cheiro a cebola que emana do cuartel de bombeiros da rúa Prechístenska¹, serán por volta das catro da tarde. Os bombeiros

¹Rúa do centro de Moscova na que se encontraba, por exemplo, a escola de danza de Isadora Duncan (San Francisco, 1877-Niza, 1927), personaxe aludida páxinas máis adiante que, entre 1922 e 1924, estivo casada co poeta ruso Sergei Esenin (Konstantinovo, 1895-San Petersburgo, 1925). Nesta mesma rúa tiña a súa mansión o coleccionista Sergei Shchukin (Moscova, 1834-París, 1936). Historicamente, destacou

cean papas de maicena, como é sabido. Pero iso xa sería o último, coma os cogomelos. Porén, cans coñecidos meus da rúa Prechístenka contáronme que no Bar, un restaurante da rúa Neglinni, engulipan o prato do día (cogomelos con salsa picante) por tres rublos e setenta e cinco kópecks a ración. De todos os xeitos, iso para quen lle preste, pois é como lamber un chanco... Auuuuuu...

Non aturo esta dor no costado, o horizonte da miña carreira preséntaseme con total claridade: mañá aparecerán as úlceras, e pregúntome que farei para curalas.

No verán, cabe dar unha volta por Sokólniki², onde medran unhas herbas especiais moi boas; ademais, podes fartarte de rodas de salchichón de balde e lamber até cansar os papeis graxentos que ciscan os cidadáns. E, se non fose por algunha babeca á que lle dá por cantar no prado baixo o luar dunha maneira terrible «Celeste Aida»³, sería xenial. Pero onde vas agora? Zoupáronche cunha bota? Zouparon, si. Batéronche cun ladrillo nas costas? Diso tamén traguei bastante. Xa o vivín todo, estou en paz co meu destino; se agora choro, é por mor da dor física e o frío, mais o meu espírito segue vivo... Inmortal é a alma do can.

como espazo residencial da nobreza e a alta burguesía da capital, de aí os numerosos pazos e palacetes aínda existentes.

²Refírese a un parque ao leste de Moscova que se remonta ao século XVII. Pódese traducir como Falconeiros, un nome que deriva de cando o tsar Alexis I (Moscova, 1629-1676) practicaba alí a caza con falcón. Despois dunha etapa de esplendor no XIX, con concertos, óperas, paseos en barca polos estanques e mesmo a existencia dalgún local de hostalaría no seu perímetro, na década de 1920 na que está ambientada a novela, o parque atopábase en estado de abandono.

³Aria da ópera *Aida* (acto I, escena I), de Giuseppe Verdi (Le Roncole, 1813-Milán, 1901), que interpreta o xeneral expício Radamés, namorado de Aida, escrava de Amneris, a filla do faraón.

